



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 21

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

10 DE JUNIO

## O NACIONALISMO IBÉRICO

# EUZKADI E CATALUÑA

CATALUÑA acaba d'amostrar unha vez mais que é á terra «rica e prena» de que fala a estrofa d' *Els Segadors*. Lendo os xornás d'aquela exemprar e mestra nación española, síntese ergueito o espírito pol-as áas da esperanza.

Xuntamente coase, celebrou tres autos admirabres: O de relembrao o XXX aniversario da fundación do *Orfeó Catalá*, o de estreitar as relacións entre bascos e catalás, e de facerlles entrega ós parlamentarios seus d'un albur d'honore, pol-a súa benficioza e patriótica obra nas Cortes derra-deiras.

Con iste motivo houbo un gran aplach no mosteiro de Poblet: que concurriron mais de seis milleiras de persoas, concertos públicos, nos que autuaron moitos orfeós de Cataluña e xantares solenes.

Os discursos que nos ditos autos pronun-ciáronse pol-os nacionalistas bascos e catalás fono moitos e bóos.

Soyo podemos publicar algunhos trechos d'iles.

Cambó falou de cousas de moito intrés, sendo o outo pensador d'adoito.

Refiríndose ás próximas Cortes dixo: Eu agardo que n'aquil momento non han sere soyo as voces dos catalás e bascos as que pidan a liberdade e a consagración dos feitos vivos nacionaes. Teño confianza de que outras nacións ibéricas farán sentire alí tamén a súa voz, eisixindo seu dereito.

A grandeza dos pobos da Iberia non s'abranguerá por unha guerra de fora, senon pol-a fusión das almas.

Istes días, Madri dánol-o exempro. Alí non poden espallárense os sentimentos co-leitivos, alí non poden loitar os cidadáns mais que no nome de potencias estranxei-ras; alí non hai mais camiños para a opinión que os que donan as embaixadas, e manté-ñense d'ideiás alleos por non telos de seu. Na mentres catalás e bascos, traballamos pol-a misión mais groriosa da historia: a de darlle axuda a toda manifestación de vida ibérica. Eiqui non se ofende a ninguén que diga que quere gobernal-a súa casa. O que non toleramos e que queira gobernal-a casa nosa. Loiten, pois, e enxergan todos o noso esforzo. Barcelona, no se deu soyo a si mes-ma nin siquiera samente a Cataluña. Ten unha deuda con todol-os que ll'axudaron a sere grande e iste deber é facerlles perciso o pulo da liberdade, a arela da grandeza, sin querer domiñare a ninguén.»

\* \* \*

O nacionalista basco Izaguirre, dixo, an-tre outras cousas: «Nosoutros escomenzá-mol-o camiño que vosoutros xa tedes feito. Pídovos que me perdoedes por falar en castelán. Eu teño certa xenreira pr'á lingua de Cervantes, non por ila, senon por sere o istrumento da desnacionalización que se quer impoñérenos. Asoballar, matar a lingua

e matar a nacionalidá, por falla d'espresión propia.

Euzkadi chegou un momento en que xa non era patria pol-a perda da su concencia. Vosoutros catalanizáchedes a Cataluña: a arquitectura, a múseca, as artes todas. O noso Sabino Arana dixera: «Prefiro morrer que ollare a fin da Patria». Ista frase ten o valor d'un xuramento que facemos no solene momento d'agora.»

\* \* \*

O deputado nacionalista éuskaro Urre-goenchea, lembrouse das relacións garimosas entre bascos e catalás no Congreso das na-cións irredentas, que tivo logar na Suiza.

Xa sei—dixo—que ista solidaridade d'in-treses e sentimentos non ten d'entenderse mais que coma unha comunidá de simpatías e de parellismo nas autuacións, porque a per-soalidá perdida por nos, por nos ha sere con-querida e a liberdade que se nos esna-guizou pol-a forza, pol-os bascos ha sere re-cobrada.

Vosoutros xa tedes adiantado un boo anaco do noso camiño dooruso. Nosoutros agora emprincipiámol-a nosa autuación inte-gral na vida nacional: nas artes, nas ciencias, na política, na economía, na acción social. Eisí como voso nacionalismo é d'amore ás cousas catalás, o noso ha sere d'amore ás cousas d'Euzkadi.

Os nacionalistas non somos desaxuntado-

res, senon axuntadores de pobos e naciós, porque istes son obra da Natureza e de Deus.

Por unha degradación espiritual, nosos inimigos entenden que traballar pol-o rexurdimento da persoalidá de Cataluña e Baskonia, é un crime, é sere separatista.

Pr'os nosos inimigos estuiare a Cataluña é a Euzkadi é aldraxar ós outros pobos españoles. A España, según iles, estímase odiando a Cataluña e Euzkadi.

\* \* \*

Xa vedes, irmáns, como os dous pobos mais fortes, mais adiantados, mais europeos da península, nos dan o exempro. Gracias a

iles xa están postol-os cimentos da nova Iberia.

E Galicia, a nosa Galicia, pobre, esvaída, que ten á súa veira os alentos consoladores de Portugal—coma eterno mestre do insino do deber—, ista Galicia que morre asesina-da pol-o centralismo, sin escoitar ás voces da raza, dinantes beu tapand'os oídos pra non reconecela ¿pode seguire eisí?

Ó berrar ¡Gora Euzkadi, visca Catalunyal fagamos unha vez mais sereo ensámen de concencia. Non hai istante que perdere. Senon, ficaremos ó marxe das arelas derradeiras da civilización europea. Soa nos nosos oídos a vos xenerosa do gran esquirtor portugués Riveiro Carvalho.

interesantes conferencias que comenarán xa iste mes.

Finalmente rindeuse un expontáneo homenaxe sentido á lembranza do que foi bó e querido irmán, Antón Chao Maciñeira-rapás finado cando a súa xuventude e capa, cidade prometían un gran loitador pra a nosa santa causa.

O irmán Xosé Paredes adicoulle unhas agarimosas, elocuentes verbes que foron siceira expresión do noso dôrido sentir.

Tales foron os acordos tomados na derradeira xuntanza. Pol-a feitura sería e concienzuda, e pol-o valer e entusiasmo dos nomeados, é de esperare que os eisitos crecentes da Irmandade veránse aumentados a cotío. Todo isto debe enchernos de lexítimo orgulo. Por iso felicitámonos e felicitamos á nosa Irmandade que ven dando o exempro de sere unha verdadeira incubadora de enerxías.

\* \* \*

O Consello provisoal da Irmandade de Vigo quedou constituído d'ista maneira: Conselleiro primeiro, D. Xermán L. Roca; conselleiro segundo, D. Manoel García; segredario, D. Indalecio Tizón; tesoureiro, D. Xosé Xil; vocaes: D. Balbino Cruces, D. Manoel Lareu, D. Xosé Varela e don Fabriciano García Rei.

Todos iles son, como é sabido, rapaces intelixentes, cheos de vountade e enxebri-mo. Verdadeiros «homes repersentativos» da nosa xuventude galega, que xurde paseñamente, pra dare un mentides ós que din que na nosa terra soyo alenta unha mocedá de sapos, de tuberculosos do espírito e de vellos de dazaoito anos que naceron xubilados, lembrándose sempre de «San pramin».

Os irmáns do Consello de Vigo, son dos bóos e xenerosos. Son dos que levan unha estrela na frente. Soyo teñen un defeuto: o da modestia, que se troca n'outro mui arraigado en Galicia: o de crêre que son percisos méritos e prestixios e canas pra ire a lonxe na loita pol-as ideas.

E non. A practica di que os millores apóstoles e os millores loitadores son os rapaces inda non lixados pol-a fama e o renome, Os rapaces que non teñen «intreses creados» á soma das gabanzas e dos bombos mutuos.

Os homes de «fachada» non poden loitar co'a fe y-o altruismo dos mozos que non levan por diante eles mais que o entusiasmo romántico dos poucos anos e a arela de facerse un nome.

Institucións d'homes de prestixio coase sempre fica na somellanza c'un panteón de cadabres illustres.

## AS IRMANDADES DA FALA

# FE DE VIDA

O DERRADEIRO día de Maio houbo xunta xeneral na nosa Irmandade pra elixir novo conxello direitivo, e pra dar conta dos traballos feitos durante a súa xestión.

Lidas as contas, resultou un satisfactorio balance, tanto para a Irmandade como pra o boletín.

Por unanimidade acordouse un voto de obrigas pra os indivídus da xunta que finaba no seu cárrago, pol-o entusiasmo e dilixencia conque desempeñáron-o. Pol-a mesma causa acordouse a continuación do mesmo consello, pero como algús indivídus non podían desempeñare o seu posto, uns por ocupaciós, outros por ausencia, modifícouse da seguinte forma:

### XUNTA DIREITIVA

Conselleiro primeiro, D. Antón Villar Ponte; conselleiro segundo, D. Antón Valcárcel; segredario, D. Luís Peña Novo; vice, D. Francisco Abelaira; tesoureiro, D. Eladio R. González; vocales, D. Francisco Tettamancy, D. Ramón Villar Ponte, don Xerardo Faraldo e D. Manuel Lugrís.

Con ouxeto de impulsar mais toda crase de porpagandas nomeáronse varias seiciós, unha para o *moimento de Paleo* composta pol-os señores:

D. Francisco Tettamancy, presidente; D. Luís Peña, vice; D. Antón Villar, segredario; D. Xosé Paredes, Tesoureiro; D. Luís Otero, Vocal, e D. Ernesto Lareu, idem.

As outras seiciós formadas son a «seición de porpaganda», «seición de organización» e «seición de estudos».

A de porpaganda terá por ouxeto sostér autiva relación co-as demais Irmandades, organizar toda crase de porpaganda, mitins, follas, conferencias, etc. A de organización adicarase a formar o encasillado de todos

os bós galegos de dentro e fora de Galicia que poidan axudárenos para activar a formación de Irmandades, sosterrá intensa relación cós centros rexionalistas das outras rexións de España, e porcurará establecer un intercambio de ideas e afectos cós centros de cultura portugueses para o fomento do iberismo. Outros varios fins téen ista seición comprendidos drento dos xeneraes expostos, e que por brevedade omitimos.

A outra seición formada é a de estudos. Esta ven a encher un valdeiro, e sin dúbida desempeñará un gran papel no xurdimento e progreso do rexionalismo galego.

Efeitivamente, en Galicia inda non hay un centro n-o que adiquen estudos ós diversos problemas galegos a resolver. Todos os galegos estamos fallos de cultura galega, fáltannos libros, datos para o estudio dos atuais problemas económicos, sociaes, etc., en ningún centro de enseñanza se especializan os estudos galegos. E si os rexionalistas queremos faguer unha labor seria e productiva, temos primeiro que estudar e documentarnos. Pois bèn, iste é o fin da seición de estudos, que se ocupará dos seguintes problemas, estudiados sómente con vistas a Galicia:

Problemas económicos, idem sociaes, idem agrarios, idem políticos e idem xurídicos.

Pol-os medios que poida formar unha biblioteca galega; e os irmás da Cruña e de fora que se queiran adicar ó estudio d'un problema galego, según a competencia e afición de cada un, pra Outono establecerán eiquí unha especie de «Instituto d'estudios galegos» onde daranse conferencias e leiciós diarias en harmonía co-un plán sistemático, pra que tal labor sexa mais eficaz. Ademais pol-o vrán daranse tamén

As Irmandás da Fala teñen de sere institucións d'homens que loitan por conquistar un prestixio colectivo, do que debeñen, ô remate da obra, os prestixios individuais.

Por iso o Consello de Vigo, de provisoal debe levárese a difinitivo.

Dito Consello traballa con entusiasmo. Recibiu unha carta do irmán, dino de loba, Euloxio Rubin, de Porriño, quen n'a xuntanza d'outros rapaces ven sementando con bóo éisito, pra organizare n'quel pobo unha nova Irmandade. Os de Vigo teñen mentes d'axudare ôs de Porriño. ¡Benia iles!

#### A de Monforte.

Os Irmáns da Fala, de Monforte, o 29 derradeiro, fixeron unha xira a San Estebó de Rivas do Sil pra visital-o vello mosteiro. Resultou un acto formoso, un verdadeiro acto de porpaganda galeguista. No noso querido colega de Lugo *La Vos de la Verdad* douxe unha reseña compreta da festa, esquirta en galego, que limos con moita satisfaição.

Foi—dinnos de Monforte—a xira mais galeguista que pódese maxinare. A ila concurriron mulleres e homes. Levaban gaita e tamboril Cantáronse *alalás*, muiñeiras e o noso Hino.

Sairon os expedicioarios no tren das sete da mañán, e dempois de cruzal-os ríos Cabe e Sil nas barcas principiaron a rubida da costa onde a cada revolta e a cada comba do camiño mostra novas perspeitivias o irto panorama do Sil apreixoado antremedias das outas montañas das terras leonesas e ourensans.

Cara ó meiodía chegaron a San Estebó. Dinantes de visital-o mosteiro deuse leutura d'unhas cuartillas cheas de datos históricos e arqueolóxicos sóbor do moimento que iban ollare. Logo fíxose a visita. Ficada ista xantaron osromeiros n'un sombriso e mesto souto. O Sr. Conde de Torrenovaes erguido enriba d'unha pedra lëu mestralmente a poesía do insine vate Rei Soto, esquirta no noso idioma, adicada ô mosteiro. Dempois, todos en pe, os homes descubertos, cantouse o hino a Galicia de Veiga e Pondal. Houbo ainda un pouco de foliada no adro de San Estebó, beilándose a muiñeira, pol-os rapaces e as mais distintas donas da sociedade monfortina e algunhas mozas da aldeia.

Voltaron pra Monforte antre fusco e lusco: á hora do serán, entoando *alalás*. Inda ô son de meigas cantigas na compañía da gaita e o tamboril, dirixíronse pol as ruas monfortinas até o domicilio social da Irmandade, onde o conselleiro primeiro, o gran orador e mestre d'enxebriismo, Banet Fontenla, votou unha notabre arenga patriótica, que foi acollida con vivas a Galicia e co canto do noso Hino, outra ves.

Todo isto espertou tan fondo entusiasmo en Monforte, que logo pol-a noite, un orfeón improvisado adicouse a darlles serenata con cantigas enxebres, a todol-os membros da Irmandade.

Istos teñen organizada unha conferencia pra mui axiña. Tamén desexan facer outra xira de porpaganda a Sarria.

¿E Lugo?—preguntaredes.—Lugo, inda que sexa triste dicilo, durme entangarañado pol-a friaxe da indifrencia. Lugo non responde a iste formoso espertar da raza. Lugoarrenegar á sua groriosa historia galeguista?

#### A do Ferrol.

Invitado pol-a Irmandade do Ferrol, axiña dar á ali unha conferencia notabre como

todal-as suas o catedrático da Universidad compostelán, Luis Porteiro Garea.

Aproveitando seu paso pol-a Cruña, temos pensado que dea outra na nosa Irmandade.

Tamén pensamos facer unha gran festa literaria na cidade herculina como contraste co'a que s'organiza n'Ourense, a maneira de deslinde das duas Galicias hoxe en loita: a dos *ortodoxos* que teñen a Viguri por mingo besadista e a dos heterodoxos. Na nosa festa falarán un gran orador catalán e outro galego.

E pol-o derradeiro, quizais teñamos un importante e moderno xornal orgo das nosas outas ideas, que ha sere o primeiro xornal galego.

A vountade e a fe, moven montañas.

### HOXE COMA ONTE

## Un vello Manifesto sempre novo

*POL-AS* suas condicións de raza, territorio, lingua e historia, é Galicia unha rexión natural perfectamente fixada. Porque queremos que a sua unidade non se crebe nin s'esnaquice, desexámol-a supresión dos Gobiernos civís, Deputacións provinciales e demais funcionarios e centros, que eisixe a actual organización administrativa, tan costosa coma inútil; e pidimos pra Galicia, d'acordo co'a sua tradición e carácter, unha Deputación rexional á que lle corresponda entendere e resolvere, con independencia do Poder central, en todol-os asuntos propios da nosa patria galega.

Queremos tamén que desaparezan os Auntamentos rurás, noxentos albergues do caciquismo que con fonda pesadume asoballa ôs nosos pobres labregos. Coidamos que os Municipios teñen d'estabrecerse nos pobos de certa importancia, reclamando pra eles a mesma autonomía que pedimos para a rexión.

Desexamos, por eisixilo eisi a millor xestión e resolución dos nosos asuntos administrativos e xudiciais que, tanto us coma outros, tramítense e resólvanse, en total-as istancias, dentro do chan galego, e por funcionarios galegos, concededores pol-o mesmo de nosas costumes, carácter e lingua. Tamén queremos sexan fillos da rexión, cantos dentro d'ela haxan d'exercere autoridá ou mando de calquera clás.

No orde económico e financeiro coidamos son percisas reformas radicaes que milloren a situación do país, n'es-

pecial a das crases agrícolas. Co ouxeto de poder leval-as a feito tan compretas cal isa situación eisixe, pidimos déixese a Galicia en liberdade pra estabrecer seu sistema tributario e de prefixar, por meio de concertos c'o Estado, o cupo anual c'o que ha contribuire ôs gastos xeneraes do mesmo; reconézaselle a facultá d'emitire Deuda de seu pra atender suas obrigas de carácter estrordinario; e a d'estabrecere, s'o coida comenente, un Banco púbrico, con privilexio d'emisión dentro dos termos rexionaes.

O respeito ás institucións xurídicas de carácter foral, tan tépedamente consagradas no Código civil, é na España condición percisa de toda obra lexislativa. As que en Galicia eisisten, características do noso pobo, teñen de manterse co'as modificacións que a realidade aconsella. Asíña eisixe algunha d'isas modificacións a propiedade inmoble, sóbor de todo a rústica, con tanta dureza asoballada. Mais é de xusticia que sexa a mesma rexión quen resolva n'istos preitos.

Pidimos pol-o derradeiro, que os naturaes de Galicia poidan usal-o idioma galego en todol-os actos oficiais e extraoficiaes nos que interveñan, sin obrigarlles ende xamais a espresárense n'outro algún.

(Anacos do Manifesto aprobado en Xunta xeneral pol-a Liga Galega de Santiago o 24 de Xunio de 1899, que firmaron coma Presidente Salvador Cabeza e coma Segretario Alfredo Brañas, sendo espallado por tod'a nosa terra.)

## ZAMORA E CATALUÑA FALAN POR GALICIA

## NÓS, SEMPRE MAIS PAPISTAS QUE O PAPA

NA casa d'América de Barcelona deu unha conferencia D. Antonio Massó, sóbor do ferrocarril direuto da capital de Cataluña a Vigo—d'isto xa faláramos n'outrora—ou sexa sóbor das construcións dos ferrocarrís de Medina a Aranda, de Medina a Zamora e d'Ourense a Vigo.

O Sr. Massó analizou a fórmula financeira que tería d'adoutárese pra facer práctica a realización dos ferrocarrís complementarios e a adautación a aquela da vía direuta Vigo-Madrí e Vigo-Barcelona. Argumentou con moito conecimento da materia, as ventaxas do ferrocarril de Zamora a Ourense, dende o punto de vista comercial e dend'o estratéxico, e ficou requirindo a axuda da opinión púbrica pra que poida xurdir a comunicación direuta Vigo-Madrí e Vigo-Barcelona, camiño de tránsito intermarítimo peninsular e incruindo no proxeyto de ferrocarrís complementarios, pra sua rauda realización, o ramal de Medina do Campo a Aranda.

A iste efeuto—dixo—é comenente que o Estado contrate separadamente a construción de cada ferrocarril por meio de subasta, a base de satisfaguere ás empresas construtoras o importe dos seus proxeytos, obras e material, e unha deuda *ad hoc* de ferrocarrís amortizábel, a cuja garantía aféutense os impostos que o Estado recolla por cada liña, seus produtos líquidos e a xeneral da nación.

Coma consecuencia d'iste discurso, a Casa América de Barcelona organizou unha Asamblea c'o ouxeto de recamar dos Poderes púbricos que se construya axiña aquil ferrocarril. A Asamblea terá lugar o próximo día 13 en Medina do Campo. A ela irán representacións de Zamora, cheas d'entusiasmo, n'un tren especial.

N'hai que esquecer que os cartos catalás fono os que mais axudaron en España a faguer liñas de ferro. E isto xa é unha garantía de suceso.

\* \* \*

Y-é cousa de dicire: Cando os pobos adican a sua vountade e as propias iniciativas n'outros, logo non teñen dereito a layárense de canto cativo lles ocorre. Vede cómo a historia repítese. Hoxe, Zamora—e n'oraboa, xa que vai na compañía de Cataluña—volve a falar por Galicia. E namentres Galicia muda ou dona soyo da lingua pequena pra loubar vergoñosamente, dende os xornaes, a deputados cunheiros que lle dan me-

nos que o que correspóndelle en xusticia, coma unhas carteirías, un fio telefónico, un anaco d'estrada, etc. (Eisí ollamos fai poucas datas unhas gabanzas parvas pra Posada, o representante nas Cortes dos caciques de Muros.)

E preguntamos: ¿Qué foi d'aqueles xeitos cidadáns das Xuntas permanentes do Ferrol e Xixón pr'o ferrocarril da Costa?

Tiñan mentes de facer mítins de rebeldía, comicios bariles, ô longo das mariñas galegas e asturiáns. Había entusiasmo nas xentes. Pro *por patriotismo*, atendendo ô grave da situación internacional, suspendéranos. E co aquela suspensión voltou o sono de morte, a friaxe da indiferencia.

Fono ferroláns e xixoneseos mais papistas que o Papa. Os de Zamora e os cataláns, eisí como os fillos de Medina do Campo, pensan que o patriotismo é facer patria; facendo liñas de ferro. Os mesmos militares coidan que val a pena xenerar un conflito interior, unha disonancia,—como dixo *El Imparcial*—na gran sinfonía heróica d'Europa, pra millorar sua clás. Somentes as Xuntas do Ferrol e Xixón adoutaron resolucións d'irracional incondicionalidá ô noxento centralismo.

E n'ê chegado o momento de facer rexurdir os proxeytos de rebilión, agora que a rebilión ficou consagrada,—inda que endexamais segundas partes fono boas—pra que nos oyan na Porta do Sol? ¿O Ferrocarril da Costa seguirá sendo unha bulra, cando sua construción tragería coma corolario o da Cruña-Compostela?

## AFAIGÁMONOS A PENSARE

## D'un discurso de Prat da Riva

O presidente da Mancomunidá de Cataluña, Enrique Prat da Riva, pronunciou un fermoso discurso ô encargárese novamente do outo posto que ocupa. Iste gran escultor de pobos, dixo cousas fondonísimas. Vede algunha d'elas dina de sere conecida.

«A Europa d'hoxe é outra. É a Eüropa das grandes potencias rindindo homenaxe dend'as outuras do seu poder á libertade, á autonomía das nacionalidáes, a dos priliminares da federación britana; a da Polonia restaurada; a Europa das constitucións que caen, das utopías despreciadas que trunfan: unha «Europa constituyente.»

Trasformárese de faciana ô porvir, e facerse forte, é crescer, é axeitarse pra tere o lugar comenente. E o porvir, antre outras características ben asinaladas, é universalismo e autonomía. As alianzas d'hoxe e outras que no futuro virán a compretalas, son o prólogo de federaciós inmensas que non poden constituírese nin vivire sin a prena libertade interior dos pobos, das nacionalidaes que os integran. Por iso hoxe insinando unha vez mais o fiudo fondonísimo eisistente antre-o humanitarismo e o nacionalismo verdadeiros, os directores d'ista trasformación, os que porparan ista nova forma d'Estado resultante da aglutinación de todol-os Estados do mundo en duas ou tres grandes unións, son percisamente os que s'esforzan en mostrárese campións das libertáes nacionaes, da autonomía das nacionalidáes, até das mais pequenas e homil-dosas.

## SEPARATISMO

CAMBÓ, no pasado mes de Abril, dirixíuse a os vascos en nazonalista. Foi un chamamento que fixo a o espírito adormentado d'unha raza forte, que deu mostrás de vida algunhas veces, mais que ainda non se decatou por inteiro da sua valfa e do seu poder.

Pero agora xurdfu un señor infruente: D. Víctor Pradera, ex diputado a Cortes, que sen dúbida sinte saudades d'aqueles tempos en que s'asentaba nos escaños do Congreso, e quere facer méritos pra que novamente lle garden un currunchiño antr'os *representantes* dos distritos españois.

O señor Pradera deu unha conferencia en San Sebastián pra rebatil-os argumentos de Cambó; e afirmou que tras dos nazonalistas agáchanse os separatistas españois, e que o nazonalismo pretende a independencia das rexións crebando todo lazo d'unión con España.

O de sempre. Todos estes señores, mais ou menos caciques, que berran con toda a forza dos seus pulmós ¡viva España!, non como ensalzamento do que eles chaman a madre Patria, senon dándolle certo caiaer de berro guerreiro e provocativo, ainda non atinaron co'as razóns que nos han facer ver o noso erro, pero en troques, erguen sempre o pantasma do separatismo en contra dos que loitan pregando pol-a unión, pol-a verdadeira unión das rexións n'unha comunidade de ideás, e pol-o engrandecimento conqwerido a forza de traballo e voluntá, c'os seus propios meios.

O separatismo existe hoxe, xa que hoxe as rexións hispánicas non están unidas, senon pol-a contra arredadas espiritualmente; por-

que os seus intreses son encontrados, e os Governos non-os atenden armonicamente como é seu deber, senon que todas por igual sofren as consecuencias do Centralismo, que é a peor maneira de rexir nazionalidades tan diversas.

Pero mais que lles pese a quenes nos alcuman de separatistas, o nazionalismo vai tomando corpo en total-as rexións; porque é

a única salvación do noso malestar actual. E cando o ideal común nos teña unidos n'unha forte irmandade a vascos, catalás, galegos, andaluces, etc., veremos se o separatismo de que hoxe nos falan coma d'un fantasma medoñento non s'esvairá ante a realidade coma todol-os fantasmas sen corpo creados por unha maxinación afervoadada.

LEANDRO CARRÉ.

## LÓSTREGOS

# IOU LIBRES OU MORTOS!

por RICARDO CARBALLAL

—Ises rapaces qu'ehí ves, son todos eles da Irmandade da Fala.

—¿E pra qué?

—Pra qu'a nosa lingoa surxa á lus, e a falen todo-los galegos; en fin, que seia o idioma oficial de Galicia.

—Home, gústame todo menos iso. Faguela-a nosa lingoa oficial, ten cheiro a separatismo...

ESTA conversa ascoitei fai noites n-un café da rúa Real entr'un veciño da Cruña e un *americano* dos recién chegados, e unha soma d'inquietude e medo pol-a nosa causa oscureceu un anaco a miña fé, e tremei com'ás follas no albre ó sere batidas pol-o vento.

Ascoitei a tal conversa, porque chamáram'á atenzón aquí *americano* que falaba con acento tan enxebre a nosa lingoa, e non cō afemiado qu'empregan casi todos os que veñen d'aló. Pensaba pr'os meus adrentos qu'a nosa causa ten terreo ben abonado. Pensaba que a nosa vitoria ten de sere conquerida soamente a forza de costancia.

Mais a tal conversa esnaquizou os castellos feitos na miña fantesía, e si seguiron falando mais encolo d'isto, o non sei. Non ouín mais, non puider ouír mais, e pensei nos *Lóstregos*, nos meus *Lóstregos*, qu'endemal non teñen a virtude dos naturaes, de rachar o espazo, e caer no chan, pra destruíre, pra esnaquizare...

O feito de qu'aquí paisano dixera tal cousa, non fixo mella en min, mais sí causoume un dôr fondonísimo n'álma ó decátame que coma il falarán moitos, e coma il pensarán mais. Separatistas. Chamáramos separatistas, ós que soio poden chamarnos afoutos por sere bós fillos; ós que pasamos por outo ise nome que tanto arredra ós probes d'esprito, ós fallos de vountade; ise nome: *ridicolo*, cón onde estrélanse os que non poden erguer a nosa lingoa ó cume a que ten dereito. E por ser afoutos, por ter o valore qu'até o d'agora ninguén tivo, chamáramos soparatistas... Teñen tan afeito o

esprito á escravitude, qu'asómanse de tere irmás rebeldes que loitan pol-a súa liberdade, non contra un amo qu'a mercou, sinon contra un ladrón irmán pol-a xeomorfa que lla roubou á zamurda.

Sempre dixen, e non me canso de repetilo, que non temo ó mal que poidan faguernos os alleos, nin ás trabas que poidan poñere no camiño dos nosos ideias. En troques, o mal que poidan faguernos os irmás, qu'o son por nacere baixo o mesmo ceo e non por vivire encolo do mesmo chan, qu'o queren pra pisal-o e non pr'aloumiñalo, a ises, témolles; a ises pra quen deseio tralla pr'o corpo e dores pr'álma,—a ver si d'ise xeito amolecen e sinten arelas redentoras pr'á nosa matria,—a ises, sí, con sinceridade o confeso, a ises, téñolles medo.

Eisí que pr'erguer a nosa persoalidade nazonal—hoxe tirada pol-o chan,—temos que loitar moito, e ter acotío o azo disposto pr'agarimarnos unhos a outros, e xuntos, moi xuntos, en apertado feixe, faguer da fé e da vountade de todos, unha soia e úneca vountade. Eisí venceremos, aínda que seiamos poucos, sin fixarnos na cantidade e sí na calidade, e cando seipamos d'un irmán que por vivire n'un curruncho da nosa terra non pode loitar con nosco, e abafado vive no seu retiro cicais por ise mesmo remordimento, démoslle azo pónonos en comunicación co-il, pra que beba con nosco a mel das ledicias e a fel das cuitas.

Mais cando en troques aquíes que finxíndose irmás, dexergamos a tempo qu'è un catralvo que si non ven a vendernos, ven soamente cō fin de medrar á nosa soma canéando un nome, refuguémolo con tesón faguéndolle o valeiro, e alonxémonos d'il até que caia baixo o peso da súa ambizón, e decátese que nas nosas Irmandades, dren-to da nosa congorza modestia, sabemos desgaizar ós que queiran impoñérese, alí onde non adimitimos mais imposizós qu'aquíes que nos dite nosa concencia matriótica, alí onde non temos nin xefes nin soldados,

alí onde todos somos un, e un, somos todos.

Nos non percisamos figuras de relumbión, pois non seguimos a homes. Temos na Irmandade da Cruña un irmán, Xerardo Faraldo, que sin saber cicais da vida mais qu'o perciso pra vivire, é tan enxebre, tan galego, tan bon fillo de Galicia, que quén nos dera moitos Faraldos nas Irmandades, e alonxados d'ilas galegos con ribetes d'prohomes, perxudiciaes á causa por antepór en total-as cousas o *eu* á ideia. Faraldo non terá sabenza nin facilidade falanguera pra levare acotío nos labres o verbe Galicia, mais léva-o en troques no corazón qu'è onde hai que leval-o, grabado con fondo suco pol-o buril dos aldraxes. Faraldo non berra, nin erxila as doenzas galegas, mais sabe atural-as e desvívese por canear o remedio que tanto degora.

Cō pensamento posto nos irmás do xeito do tal *americano*, xuntémonos pra defender-nos os bós e xenerosos á soma da bandeira galega, qu'ergueita no mais outo do noso amore á matria, abálase aloumiñada pol-os ventos de redenzón qu'enchen Europa, e que tanto sangue e vidas costou i está costando. Hoxe que na concencia humana latexa fondonísimo o resurxir das nazionalidades; hoxe que téndese a emboutar o verbe *irredento* de todol-os pobos, é sintense arelas de redenzón en tod'ó mundo, non teñamos reparos en adicar trallazos limpos ós irmás que dormen o sono de pedra, de atraiso e d'escravitude, que n'hai cousa millor qu'a tralla deixada caer a tempo e con forza no lombo dos escravos, pra faguer qu'esperte nas suas cativas almas afeitadas á mansedume, o esprito da rebeldía, que finado o pleito xigantesco, o fondo probrema a risolver nos tinguídos campos da loita mundial, non lle queda ós pobos irredentos outro camiño a coller, que *¡ou libres ou mortos!*

## OS PEQUENOS IRMANDOS DA FALA

XESU-CRISTO dixo: «Deixade qu'os nenos se cheguen á min» ¿Hai, soilo, n-esta verba, unha diviña doutrina d'amor? E pegouse ós pequenos sen mais mira qu'o propio soaz santo? ¿Quén quixo, aínda mais, atraír o acordo d-os seus discípulos, e afírlilo sobr'a grande atención que deberíamos concederlle ó home-neno, n-os primeiros anos d-a súa vida, cando degora por comprendelo todo, e apaña en incomprendible ansiosidá, os xermes, que serán logo vicios ou virtudes.

Vosoutros: aqueles que adoutrinades rapaces, por amor ou por deber, esquencede esta mala sentença, que tantas veces ten ser condenación do seu porvir: «Deixalo: é pequeniño: non sabe o que fail» Sacádeslle a responsabilidade, pra cargalo c'un agoiran-

te lote de dúbidas e indecisións. Xamáis é pequeno (se vos fala e os escoita) pra ll'amostrar a ley qu'a de alumearlle o camiño d-a vida. Furade n-ises corazóns qu'abrochan ás emociós ridentes, e toparedes muxícas, átimos en xêrme, de total-as pasiós qu'os rexirán, ou os estrozarán n-a hora grande. Pois, enton, irmans d-a nosa incomparabre fala: ¿Por qué non sementades n-isa terra virxe, dinantes qu'o delor ou a indifrenza, s'adianten á secaren ou á êrmaren voso eido?

Porqu'é moda estranxeira, (pecumia as mais veces d as nosas vellas costumes) corredes a alistaredes vosos fillos, baixo a bandeira d-os «exploradores». Bós son os seus enseños; mais eu degoro porqu'os rapacetes d-a nosa terra, seian «galegos» dinantes de seren «exploradores»: vivan eles n-o amor d-a patria e do próximo; pro tamén n-o do seu curriño rayoso, qu'a mais de patria, significa «próprio e querido vivideiro: familia: amigos: pais!» E conta que s'adrede os nomeo á derradeira é porque n'eles asumimos total-as ditas, n'unha soila, que debé-

ramos chamar «verdá». Prenda n-as almas nenas, o lume d-os santos degoramentos galegos, e a larada brilará mañán sobre tod'a benedecida rexión: y eses irmanciños novos, mais que nunca sâns d'alma e d'esprito, axuntaránse, brincadeiros, n'un soilo ideal, e serán galegos n-a fala; n-os xogos; n-a oración.

S'e a idea nos cumpre, non lle deades loureiro: ende ben, lembrade qu'os nosos labreixos, lidornan co-él, o remate d-as suas obras de canteiría, qu'entre nós, e d'ista emposta haberemos de nomear «feitos».

Tefia a pequena irmandade, as suas réglas; a sua bandeira: o seu boletín, por eles bautizado, e ditado. As suas mans, pequechiñas, gardarán ben o noso tesouro, (qu'è o tesouro de cantos amamos á Galicia) porqu'o apeteiraran n-as almas, rayosas e sinxelas: almas d'abrochiño galego!

FRANCISCA HERRERO Y GARRIDO.

Oleiros, Junio-917.

dos ben amados. cantaba con bágoas n'os ollos:

Lonxe d'a terriña,  
lonxe d'o meu lar,  
que morriña teño,  
qu'angustias me dan...

O eco d'a sua voz, semellab'os layos, as queixas, os xemidos d'os probes galegos malpocados que morren de fame lontan'ô mar....

O sol foise acochando tral-as serras lonxanas. E chegou a noite enloitada co-as suas sedas mouras....

Lonxe tremou unha esquila. O conxuro d'a sua voz dôrida e mística, o rapaz c'o chapeu n'as mans fortes, rezou unha pregaría chea d'unción....

Eran-os tangueres manseliños do *anxelus*.

Siguiu a sua camiñata pol-a brancura sin fin, que era com'un paisaxe de feitizo....

Dubidou un anaco. Perdérase.

Medio tolo, ô vérese soyo, implorou ô ceio, todo mourenza. Logo fixouse na neve, baixo a que se acochaba o camiño. Ambos a dous, eran inmisericordes....

A friaxe da neve foise metendo n'o seu corpo. Camiño errabundo.

Oubearon os lobos, lonxe....

—¡Ai!—salayou—¿Será o meu corpo festa dos lobos famentos?....

E no seu mesmo amor á vida, colleuse ô tronco d'un arbre que s'erguía na soeda....

Tras d'as serras foi saindo a lua piadosa, envolveita n'unha coroa de gloria. As suas palideces fulxían na neve de brancura eucarística....

Siguiu seu camiño, direit'ô cume alumado pol-a lua....

Pasenñamente foi chegando.

Petou, ateigado d'arelas garimosas, na porta da casa.

—Abride, que son eu, voso fillo.

—¿O noso fillo? Boeno, hom, boeno. Dous anos fai que se finou o probe.

—Abre, Mingos—dixo Rosa—¿Quén sabe si é a almiña en pena do noso fillo que se quer quentar n'a lumieira?

—Vaiche boa. Non che é, no; ech'o «Cantador de Baralla», o que nos roubou a égua....

Tornaron a oubear os lobos.

—¡Abride! ¡¡Abride!! Son o voso fillo—berrou o rapaz sin ventura.

Oubean os lobos mais preto. Seus roncos berros medoñentos son com'unha múseca primitiva e bárbara....

—Vaite, amorriño, que veñen os lobos....

Y-o mozo. n'o seu medo á morte, encobera nos dentes brancos d'os lobos, correu, fuxiu....

### III

O voltar o día, ergueus'o velliño.

Abrind'a porta da chouza, viu un tráxico, horribel cadro....

# OS LOBOS

(CONTO)

Por EVARISTO CORREA CALDERÓN

## I

O pé d'a serra branca, ollábase a casaña humildosa d'o señor Mingos.

Mais enriba, erguía-se o cume de Penamayor, outo curuto cal un xigante que domiñase o infinito.... Somellábas'ô tempro d'o Ideial, até o que non chegamos ende xamais, inda que, eternos pelegrinos, camiñamos trais il.

Fulxía, cal si fose feito con limpo mármol de Pharos, baix'o sol envolveito n'as lixeiras brétemas d'a invernia.

Os agros e os outeiros, os valados e as congostras, as serras e os vales, tod'á natureza, n'un pasmo, ofrendaba ô cume seu brancor de pomba, seu brancor de noiva....

Dis qu'estivera o xardiñeiro d'o Ceo desfolando, desfolando, dende moitos días antes, todol-os xazmís que tiña n'o seu xardín, pra coroar as virxes....

Dis, tamén, que c'as folerpiñas da neve, caíranse d'envexa unhas estrelas froridas da noite....

## II

Pasenño, pasenño, rubía pol-o camiño do monte. Os seus ollos cravábanse, c'un fitar d'amore, n'a casaña d'o señor Mingos.

Vestía o rapas un calzón branco y-unha chaqueta azul, que decían da sua chegada da outra banda. Na sua faciana moura y-enfraquecida, a falla de forzas ô camiñar, decían tamén d'as cuitas e aceiras que sofrira.

Conselláranlle n'a vila:

—Non s'encamiñe, señor, qu'os lobos oubean n'o monte.

Pro, ¿a qué perigos non se expuxera por darlles unha aperta ôs seus pais, que o coñecían morto, cicais?

Chegaría até o cume, onde, preto d'il, erguía-se a probe chouza na que nacera. O amor fondonísimo qu'ôs seus pais vellíños tiña, levaría-o até o fin.

Non ll'amedrentaba o oubear d'os lobos... Nin qu'o camiño se perdese baixo a neve.

—¡Cómo se poñerán ledos—pensaba—ô ver qu'o seu fillo, que choraron por morto, comenza a contar, ant'os seus, mais e mais onzas douradas, que teñen a música d'o cristal....—e n'os seus beizos fforeceu unha sorriso, toda docedume....—¡Qué ledicia, cando lles diga que quero casar co-a Carmela.... ¡Qué dôridos, cando lles cont'as cuitas fondas e traballos que pasei! E sentirán tamén aquela saudade que me queimab'a y alma, lonxe da terra.

Isto pensab'ô rapaz, entramentras camiñaba con moita presa pol-o monte, ô mesmo tempo que s'alongaba, sin dáre conta, d'o estreito camiño, cuberto pol-a neve e sobor d'o que debiera camiñar.

Na sua mente houbo unha trégola. Sorriu-se ô vere a felicidade e o porvir dos séus, pra quenes quixera todo ben.

Logo, lembrou aquela cántiga que lonxe

Era a Realidade mesma, a Realidade  
ispida....

Ollou a carroña d'o seu fillo.

Os lobos arrincáranl'os ollos. Esnaquizá-  
ranll'o corpo.

Siguía caindo a neve.

O redor d'o seu fillo, qu'o vello coidara,  
n'a noite sin estrelas, un ladrón, a brancura  
do chan estaba tenguida en sangue.

As folerpiñas da neve, volvoretas sin co-  
razón, volvoretas mudas, seguían caindo  
mainamentente, mentras o velliño saloucaba  
con tristura....

IV

D'a eirexa aldeana, saen Carmeliña, a ra-  
paza mais xeitosa e churrusqueira do val, e  
Rosa, a mai d'o mozo.

Visten as duas de loito pol-o sin ventura.

N'o adro, onde s'erguen algús alciprestes  
sombrios, agardan por Mingos.

—¡Meu santiño, poidera apedrealos a on-  
zas! ¡Meu santiño!—salouca a mai.

—¡Malpocado!—falou Carmeliña.—Díxo-  
me n'a sua carta: «quero darlles de súpeto,  
ôs mes pais, a ledicia da miña volta e do  
meu casamento co-a miña Carmela.»

Lebrándonos do homenaxe de Cataluña

**A VACA CEGA**  
De MARAGALL

Baténdolle na testa a relfa dos valados  
e tropezando en todol-os petous do camiño,  
marchando ô tino e soa, a probe vaca vella  
vai abreviar no río.

Un coyo mal guindado foille sacar un ollo  
e cubréuselle o outro d'unha tea: está cega.  
Vai beber no regato onde adoito bebía  
mais non co-as compañeiras,  
nin co-aquel firme paso con que marchaba

(outrora;  
a vaca vai sin guía  
anda ô tino e vai soa.

As irmás pol-os cómaros e prados e ribeiras  
pacen a fresca herba facendo soar as chocas;  
mais ela caería. Foi a bater co-os belfos  
n'un aguzado seixo e cía recelosa,  
mais volve e se abaixando hasta atopal-a auga  
bebe d'ela, calmosa, bebe pouco, sin sede.

Sobre as mortas meniñas palpebrexa e a testa  
cara ô ceo co-un certo aire tráxico ergue;  
horfa de luz desanda con paso cauteloso  
pol-as corgas e vritas nunca d'ela esquecidas;  
movendo a larga cauda, baixo d'un Sól que abura  
vacilante camiña...

(Traducción de IGLESIAS ROURA)

**SUSCRICION**

pra erguer un mausoleo no cimiterio de  
San Esteban de Paleo, en Carral, sinxelo,  
pro dino, ôs héroes do alzamento galego  
de 1846.

Pesetas

Derradeira suma. . . . . 46'00

Don Manuel Banet Fontenla . . . . .	5
» Emilio Tettamancy . . . . .	1
» José Castro Fernández . . . . .	1
» Juan Camino . . . . .	1
» X . . . . .	1

Por xunto. . . . . 55'00

**Peneirando...**

O Rei firmou un decreto concedéndolle a  
Valadolí a seición d'historias na facul-  
tá de Filosofía e Letras. Alba manda...

Compostela fai anos, moitos anos, que  
ven traballando pr'abranguere o mesmo.

Os estudantes galegos que queiran con-  
queril-o título de Licenciados en Filosofía e  
Letras terán que seguire sendo tributarios  
de Castela.

Na Universidá de Galicia non se dá inda  
ese insino.

¡E García Prieto é fillo adoutivo de Com-  
postela e da Cruña!

Consolémonos os galegos e n'especial  
os santigueses: non teremos aquela fa-  
cultá universidaria, mais en troques dóuse-  
nos un senador vitalicio novo: o deputado  
por Santiago. ¡E inda nos layamos!



*La Provincia*, boletín bisemanario de  
Pontevedra organizou unhos Xogos Froraes.  
Antr-os temas, según se nos dí, figura un  
*canto á Galicia*, en castelán, e unha *poesía  
humorística*, en dialeuto galego.

Velai o eterno traballo de desgaleguiza-  
ción, velai o eterno autorrebaixamento a que  
s'adican nosos pseudointelectuás.

Piden que se cante a Galicia en castelán,  
amostrando tod'o fariseísmo que poñen nas  
loubas insinceras, que fan, de cando en  
cando, dos versos de Rosalía, Curros, Pon-  
dal, Lamas, etc.

Falan do galego coma dialeuto. Sintíndo-  
se onanistas espirituales, pois isto é quen fai  
cousas contra natureza, queren ser mais  
devotos de Castela, que Menéndez Pidal,  
que Menéndez Pelayo e que cantos grandes  
filólogos estranxeiros póndose a xeito co  
senso común, non tiveron mais remedio que  
reconecer que o galego é un idioma.

Un idioma, inda gabado derradeiramente  
na revista *España*, por Pérez Solís; un idio-  
ma somellante ô portugués coma din portu-  
gueses ilustres, cal Teófilo Braga, cal Ribe-  
iro Carvalho e moitos mais...

Ben seguros estamos de que si os organi-  
zadores d'ises Xogos Froraes de Pontevedra  
foran ensaminarse de Historia da Literatura  
Espanola â Universidá de Compostela, don  
Armando Cotarelo Valledor, bóo galego,  
sin selo pol-o seu nacemento, daríalles un  
suspenso tan grande com'o cacicato de  
Riestra.

Con todol-os artigos de bazar que s'asiña-  
lan pra premios de Xogos Froraes terfamos  
d'apedrear os cativos galegos.



Vede en troques... Na sociedá valencia-  
nista *Rat Penat*, de Valencia, deñ unha con-  
ferencia o profesor da Universidade de Va-

ladolí D. Vicente Gay sóbor do tema *O na-  
cionalismo na Europa e na España*.

Dimpois de estudar a constitución do Im-  
perio austro-húngaro, asiñalou o momento  
actual da política valencián que é para o  
orador de fonda baixeza espiritual.

Dixo que o soyo meio de rexurdimento  
atoparásese no nacionalismo.

D. Vicente Gay falou en valencián. Séi-  
pano seus admiradores galegos. D. Vicente  
Gay, nin sinte vergoña de falar n'un *dialeu-  
to* (?) nin coida que o senso nacionalista sexa  
antipatriótico.



Axiña, mui axiña, publicarase o primeiro  
tomo das poesías compretas do gran poeta  
galego—un dos mais xeniales poetas espa-  
ñoles, quizais ó úneco poeta de raza que  
temos acó e aló do Sil—Ramón Cabanillas.

Nóméase *Da terra asoballada*. Leva un  
formoso *exlibris* de Castelao. Vai mui ben  
imprentado, e terá de costo soyo cinco reás.  
E un libro adrede pra erguer os espíritos,  
pra erguer a paletilla dos imbéciles e oscu-  
ros que sinten vergoña da sua propia fala,  
que é o mesmo que sentila da Natureza  
onde se deron.



O barítono Segura cantou n'un concerto  
na Cruña *Meus Amores*, de Baldomir, e  
*Lonxe da terra*, de Montes.

Deus llo pague. Quizais se fose galego  
cantaría andalús...



Fernando Mora publicou un artigo festi-  
vo no *Mundo*, de Madri.

Víñalle ben tragner a colación un fidalgo  
parvo e un boletín ridículo.

E lembrouse d'un fidalgo galego e d'un  
boletín, galego tamén.

Sempre o mesmo.

Siguimos sendo o *faima rir* dos indios  
da Meseta.

**Axiña publicaremos caricaturas do  
xenial artista Castelao.**

**Axiña faremos milloras d'importancia  
no noso Boletín.**

**Pregamos, pois, a todol-os irmáns e  
amigos que traballen pol-a porpaganda  
de A NOSA TERRA. Traballando por  
ista, farán labore patriótica.**

**CORRESPONDENZA ADEMINISTRATIVA**

R. V. Buen Beluso.—Recibimos 3'00 pesetas.  
A. R.—Vigo.—1'50.

J. R.—Bayo.—2.  
S. M.—Madrid.—1'50.—Cando trocamol-a di-  
reición de vosté e de R. L.?

J. N.—Larache.—Mándaselle o boletín. Prezo,  
o que léu.

L. A.—Noya.—Recibimos 2 pesetas. Mandóu-  
selle *Nazonalismo*.

M. C.—Fojo.—Queda servido na sua prega.  
Moito obrigados, e faga porpaganda.

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRES

**CHOCOLATES BRANDARIZ**

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS

D' ULTRAMARINOS

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS****— DE —  
ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR  
E DECORAR CRISTAL**

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA****VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

**Os "Previsores do Porvir"**

SO CIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

*Chegou a 42 millóns de pesetas de atorro  
en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.



# A NOSA CHAMADA

## Din as Irmandades da Fala

Chegou o momento de falarmos claro; chegou o momento de que termemos da salvación dos principios, hoxe en perigo, aqueles que temos feito no sagro altar da Nosa Terra o auto xuramento de redimila ou morrer defendéndoa sin agardar o pago d'alcabalas, xa que si o hai no mercado das almas, non fumos nos endexamais a ningunha feira das concencias.

Hai que escomezare o deslinde das duas Galicias, nunca com'agora tan rifadas e opostas: a Galicia enxebre, a Galicia democrática que fala e sofre en galego, a Galicia traballadora —da que fica inédita pra'a cidadanía sua parte maior—, e a Galicia castelaizada e castelaizante, a desgaleguizadora Caciquia noxento, millor dito, que atopa na Porta do Sol patente pra todol-os crimes políticos.

Si calásemos por mais tempo, seríamos indinos do nome lumioso de galegos que levamos con orgulo. Seríamos cómplices da desfeita que se s'apalpa.

Cando eiqui todo cheira a podre, como cheiraba nos tempos do «Hamlet» en Dinamarca; cando a consabida nave fai auga por todol-os buratos que abriu n'ila a polilla da xenocracia, si non ceibásemos o berro baril de jabaixo os farsantes! seríamos merecentes de chorar coma femias o que tiñamos obriga de defendere coma homes.

Cando España enteira ensamina os seus valores e-a verdade que fai ôs homes libres, según o apóstol, gana camiño, non ha ser Galicia a eterna escrava que agora tamén cale, trabando a sua lingua.

Homes do noso tempo, queremos colaborar na obra de xusticia que Europa enteira iniciou; queremos erguere a persoa-lidade da Nosa Terra, â outura da de Cataluña e Baskonia, pra que a nosa voz se misture co'a voz d'aquelas nacionalidades hispanas pidindo un réximen federal, úneco salvador, monárquico s'a monarquía avense a impoñelo; republicano, s'a monarquía nol-o nega.

Ista é a vountá das Irmandades da Fala, que soñan c'ô sacrificio coma c'ô millor loureiro. As Irmandades da Fala, teñen que dar hoxe a voz d'alerta; teñen que protestar sereamente, pro con moitos foïgos, contra da triste festa d'affirmación do vello *statu quo* caciquil que acaba de facerse n'Ourense, c'un disfraz rexionalista. Foi Rodríguez Viguri quen nos combatfu nos Xogos Froraes de Pontevedra o ano pasado pra que lle puñeran en conta a orde de Besada, como dixó o gran Cabanillas, tan grande cal o mais grande dôs nosos mortos poetas. E fono agora n'Ourense o mesmo espichador retórico e valeiro, na compañía de Casás e outros cantos señores do mesmo xeito.

Baixo pretesto d'unha festa da poesía galega, o recadeirismo telegráfico, no que é mestre o propio Casás, sirviu unha vez mais de chamada d'atención ôs peixes gordos do centralismo de quenes se busca gratitude. Foi un novo axionllamento espiritual ôs pes dos vellos e decadentes políticos, estanqueiros do patrioteirismo, monopolizadores do favor, que hoxe ten residencia toda España. Foi un novo estoupe de romaxe; un novo arrouto do doente *abogadismo* que abafa a Nosa Terra. Un

minué beilado, ô redor do higuí das actas, dependuradas d'unha moca d'honore e que pra ben sere mui século XVIII soyo lles fallaba *madame Fouce*, en troques de *madame Guillotine*. Festa de cuquerfa na que ficou aldraxado o «contenido positivo de nuestros poetas», todo xenreira contra da hexemonía de Castela, causa da decadencia española—joh Rosalía, Curros, Lamas e Pondall—que Viguri, Casás, Moreno e algús mais, finxindo desconocelo, negaron vergoñosamente.

E isto é intolerábel. Non poden falar en rexionalista quenes viven en fondo desleigamento co'a sua patria natural ô arrene-gar do idioma no que sinte, pensa e deica traballa noso pobo. Non poden falar en rexionalista os amigos dos caciques de Ne-bra e Osera, os que combatiron a Solidaridade Galega, os si-ñores de R. O. que contan c'ô ministerio da Gobernación, mais non c'os votos galegos pra rubire; os que chaman deputados galegos, porque d'iles dependen, ôs cuneiros feitos pol-a oligar-quía rural é cidadán, tod'o lastre da España morta, n'unha ver-ba, que hoxe, apreixánd'os fuciños pra gardalos do cheirume, queremos enterrare cantos somos patriotas.

Como a Guarda civil serve pra darlles o alto ôs malfeitores, as Irmandás da Fala servimos tamén pra pararlles os pes ôs abogadiños de Bizancio e ôs labercos de rueiro, ô mesmo tempo que alumeamos concencias novas a cotio pra a causa galeguista.

Somol-a peneira d'ouro do enxebrismo. Imos separando a palla do grau. Responderemos â ficción e â farsa, co'a realidade.

A parva e ridícula festa da poesía d'Ourense—verdadeira feira dos discretos—opoñerémolle no próisimo mes de Setem-bre unha Asambreia nacionalista e unha festa das linguas ibé-ricas, na que non terán acollida os detritus dos vellos partidos.

Somos maiores d'edá. Xa non se pode falar de rexionalismo sin contare cón nosco. Porque nós, que nada persoal imos bus-cando agás o sacrificio e que soyo queremos traballar pol-a re-dención de Galicia—n'istes momentos nos que se sinten acucias de crebare cadeas en todol-os pobos irredentos—liberando a terra, xa que en terras escravas non pode xurdir o home libre, non toleraremos mais bulras retóricas abafantes pra noso ideial sagro.

Hoxe comprenderáse si o galego é ou non bandeira de de-mocracia, escada pra baixar âs entranas da raza, mais pol-a que non se pode rubir âs outuras da Meseta; hoxe decataranse, deica os cegos, de que n'hai cousa millor coma santo e seña dos boos e xenerosos, coma meio sustancial, coma liña divisoria, coma fronteira ergueita antr-os que levan a Galicia no corazón, arelando o trunfo do rexionalismo integral que isto é o nacio-nalismo, e os que levan a Caciquia na cabeza.

Defendemos a nosa libértade. Contra de nos, samente po-den estare os tiráns e os servos dos tiráns.

¡Terra a nosa!

Por total-as Irmandades da Fala:

*Os consellos das do Ferrol, Santiago, Vigo, Monforte e a Cruña.*

# A NOSSA CHAMADA

## Um chamado às consciências

Este documento apresenta uma análise detalhada da situação atual do Brasil, abordando aspectos econômicos, sociais e políticos. O texto discute o impacto das políticas governamentais e a necessidade de reformas estruturais para promover o desenvolvimento sustentável e a justiça social.

Os dados apresentados indicam que a economia brasileira enfrenta desafios significativos, incluindo inflação elevada e desemprego em massa. Essas condições afetam profundamente a qualidade de vida da população, especialmente das classes mais vulneráveis. Portanto, é urgente a implementação de medidas que reduzam a desigualdade e criem oportunidades para todos.

Além disso, a situação política atual exige maior transparência e participação cidadã. É fundamental que os governantes adotem uma postura ética e comprometida com o bem comum, promovendo a accountability e o fortalecimento das instituições democráticas.

Em conclusão, a chamada é para uma ação coletiva e corajosa. Somente através da união e do compromisso de todos os setores da sociedade será possível superar os desafios atuais e construir um futuro mais justo e próspero para o Brasil.